

213 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

NOVEMBRO 2023




ISTO FAI PENSAR



A Franxa de Gaza mide 47 kilómetros de longo e menos de 10 de ancho. Isto supón un tamaño de 365 kilómetros cadrados, e ten unha poboación aproximada de 2.200.000 de habitantes, si, máis de dous millóns de persoas.

Comparando con nós, a Franxa de Gaza ocupa o mesmo espazo que o Concello de Pontecaldelas, o de A Lama, o de Pazos de Borbén e o de Fornelos de Montes xuntos.

Aquí vivimos unhas 12.500 persoas.



Os Cotos dicimos NON GUERRA

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos os xoves días 9 e 23 de dez a doce da mañá.

"Un contiño para vivir"**"Nas pequenas cousas?"**

Non me gusta ter que pedirle a alguén que abandone a igrexa por ter que pechar a porta. Sempre prefiro esperar ou volver máis tarde. Pero esta vez a necesidade era total, e aquel rapaz quedara descansado, relaxado nun dos bancos do coro.


Pedinlle que se achegase para explicarlle a situación e tiven unha grata sorpresa: era un peregrino que viaxara de Polonia a Santiago de Compostela. O seu rostro, aínda que canso pola longa viaxe, amosaba unha profunda alegría interior. Percorrera o camiño buscando ao Señor, pero foi o Señor quen o atopou a el.

Despois daquel breve encontro, pechei a porta da igrexa e ao volver ao interior, o Señor trouxo ao meu corazón unha idea: "se non fixeras o que tiñas que facer, non saberías esa historia e terías botado de menos ese agasallo que hoxe che tiña preparado".

Moitas veces aprazamos o que realmente temos que facer, agardamos unha mellor oportunidade ou deixámola para máis tarde.

Non somos moi conscientes do que nos dixo "Estarei contigo sempre, ata a fin do mundo" (Mt 28, 20).

Está presente nas nosas tarefas diarias. Que fortuna a nosa por telo sempre acurrucadiño ao noso lado ;!.

Atopa as dez diferenzas

SANTO PARA O MES, en novembro, o día 12: MILLÁN ou EMILIANO

Nome de orixe latina que significa "pertencente á familia romana Emilia".

San Millán da Cogolla, no século V-VI era un sinxelo pastor da Rioxa. Logo fíxose monxe ermitán nunha montaña chamada Cugulla (Cogolla) debido á súa forma de capucha de monxe.

Co tempo construíuse no lugar un célebre mosteiro na súa honra. Nel viviu Gonzalo de Berceo, o primeiro poeta en castelán, e un dos primeiros en usar esta lingua no século XIII. Tamén escribiu un poema titulado Vida de San Millán da Cogolla, no que conta os feitos e as milagres do santo.

CONSELLO



*"Unha nación que gasta máis diñeiro
en armamento militar
que en programas sociais,
acércase á morte espiritual"*

Martín Luther King

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



GUERRAS NO MUNDO



Hoxe no mundo están en activo sobre 58 guerras. As principais afectan a máis de 1.100 millóns de persoas. E provocaron máis de 108.000 vítimas só en 2023.

No Medio Oriente e norte de África atópanse activos 45 conflitos armados, 35 no resto do continente africano, Asia conta con 21 conflitos en activo, Europa ten 7 e América Latina é escenario de 6 conflitos armados, aínda que estes teñan tamén violencia criminal, como no caso de México.

Despois temos os países como España, Francia e Bélxica en estado de alerta, (Bruselas e París, con atentados en nome da relixión e atácase a xente inocente).

E que non nos enganen, as guerras nunca son polo interese do pobo, sempre están os intereses políticos, de diñeiro ou de territorio.

25 de Novembro día internacional da eliminación da Violencia contra a Muller.

O número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 47 no 2023 e a 1.231 dende 2003.

Tratemos de facelo mellor axudando e botando unha man a quen necesite da nosa axuda para denunciar e tomar medidas contra esta situación.

(091) Policía Nacional, (062) Garda Civil, (112) Emerxencias.



O Papa Francisco: A guerra en nome da relixión é unha guerra contra a mesma relixión, sexa cal sexa

“A guerra é unha derrota: oremos pola paz en Israel e Palestina”

“Expreso miña cercanía ás familias das vítimas, rezo por elas e por todos os que están vivindo horas de terror e angustia. Que os ataques e as armas se deteñan, por favor; e que comprendan que o terrorismo e a guerra non conduce a ningunha solución, senón só á morte e ao sufrimento de tantos inocentes”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE NOVEMBRO

DÍA 5	LECTURA	1 Tes 2, 7-9. 13	Queríamos darvos o Evanxeo e a vida
	EVANXEO	Mt 23, 1-12	Din, pero non fan. Vós sede coherentes
DÍA 12	LECTURA	Sab 6, 12-16	A Sabedoría hai que busca
	EVANXEO	Mt 25, 1-13	Hai que estar preparados, o Señor xa chega
DÍA 19	LECTURA	Prov 31, 10-13. 19-20. 30-31	Unha boa muller
	EVANXEO	Mt 25, 14-30	O Señor pon en nós talentos
DÍA 26	LECTURA	1 Cor 15, 20-28	É necesario que El reine
	EVANXEO	Mt 25, 31-46	Fixéstelo con eles, fixéstelo comigo